



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2016 LICENCIADO/A SANITARIO

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique o número que figura escrito de forma incorrecta en letra:

- A) 500: cincocentos/as
- B) 160: centosesenta
- C) 300: trescentos/as
- D) 101: cento un/unha

2. Unha das seguintes palabras non está escrita correctamente. Sinálea:

- A) Antigüedade
- B) Argüír
- C) Mingüedes
- D) Lingüista

3. Sinale a palabra que está escrita de forma correcta:

- A) Extrañar
- B) Extensión
- C) Excavar
- D) Extranxeiro

4. Unha das seguintes palabras non está escrita correctamente. Sinálea:

- A) Actor
- B) Exacto
- C) Inspección
- D) Contradicción

5. Só unha das catro seguintes series é correcta ortográficamente. Indique cal:

- A) pavillón-vaixela-varanda-voitre
- B) pabillón-vaixela-baranda-voitre
- C) pavillón-baixela-varanda-boitre
- D) pavillón-vaixela-varanda-boitre

6. Sinale o significado correcto da palabra "serodio":

- A) Que contén soro
- B) Que sucede tarde, despois do acostumado ou do momento preciso
- C) Relativo ou pertencente á seroloxía
- D) Substancia con función de amina que actúa como transmisor no cerebro e produce a contracción do músculo liso de arteriolas e bronquiolos e que tamén se atopa nalgúns invertebrados e nas plaquetas

7. Escolla a tradución correcta de "El tribunal podrá acordar la lectura pública de los ejercicios":

- A) O tribunal podrá acordar a lectura pública dos exercicios
- B) O tribunal poderá acordar a lectura pública dos exercizos
- C) O tribunal poderá acordar a lectura pública dos exercicios
- D) O tribual poderá acordar a letura pública dos exercicios

8. Escolla a definición correcta de "fervenza":

- A) Cousa fedorenta
- B) Febre moi alta
- C) Adorno, bordado ou grilanda
- D) Catarata, salto, cachón

9. Escolla a palabra que figura escrita de forma incorrecta:

- A) Emperatrice
- B) Heroe
- C) Actriz
- D) Profetisa

10. Os vocábulos "xenreira" e "simpatía" son entre si:

- A) Sinónimos
- B) Antónimos
- C) Homónimos
- D) Forman parte da mesma familia léxica

Preguntas de reserva

1. Sinale cuál das seguintes palabras non é sinónimo de "miñaxoia":

- A) Presumida
- B) Inocente
- C) Inxenua
- D) Malpocada

2. A palabra "vén" leva til:

- A) Cando é presente de indicativo do verbo ver
- B) Cando é presente de indicativo do verbo vir
- C) Cando é imperativo do verbo ver
- D) Cando é imperativo do verbo vir